



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Explicativa do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a ASOCIACIÓN DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS"* é unha imaxe obtida mediante o escaneo íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 21 de decembro de 2017.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





MEMORIA-EXPLICATIVA

O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o Conselleiro é a autoridade superior da Consellería e como tal ostenta a representación do departamento que preside.


No exercicio das súas competencias, o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten previsto formalizar un convenio de colaboración coa Asociación Down Pontevedra "Xuntos" para a realización das obras de acondicionamento e rehabilitación da nova sede da entidade.

Down Pontevedra "Xuntos", está a desenvolver na súa sede actividades dirixidas as persoas con síndrome de down e/ou outras discapacidades intelectuais e as súas familias. Entre as súas actividades levan a cabo accións específicas para mulleres, entendidas como accións positivas da intervención social, e que favorecerán a toma de decisións co fin de empoderar ás usuarias para promover a súa participación na comunidade de xeito igualitario, xa que as mulleres con discapacidade están a sufrir unha dobre e incluso unha tripla discapacidade, dependendo da seu lugar de residencia.

Os beneficiarios directos da Asociación Down Pontevedra "Xuntos" son na actualidade 103 socios/as da entidade xunto coas suas familias. Actualmente existen persoas en lista de espera para entrar na asociación pero que, debido á falla de capacidade do local da sede actual non poden entrar a formar parte. Coas obras de reforma do local estas persoas poderían entrar a formar parte da asociación e beneficiarse así das accións que alí se levan a cabo.

Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza considera necesario colaborar coa Asociación Down Pontevedra "Xuntos" no desenvolvemento destas actividades.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

A existencia de asociacións que poidan levar a cabo actividades de interese xeral para os municipios non sería posible sen a axuda e colaboración da Administración Pública, dado o carácter limitado dos recursos municipais, a única maneira de diminuír as diverxencias territoriais é a través de axudas desde a Administración Autonómica.

Para contribuír ao cumprimento deste obxectivo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achegará á entidade a cantidade de CORENTA MIL EUROS (40.000,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.24.121C.781.0 (código de proxecto 2017 00085) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

Incorporase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 26.2-a), da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións públicas de Galicia.

Na cláusula cuarta e quinta do convenio recollese o réxime de xustificación e libramento dos fondos. A achega económica da Consellería realizarase de acordo co previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Por todo o que antecede considérase conveniente a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Down Pontevedra "Xuntos" para a realización das obras de acondicionamento e rehabilitación da nova sede da entidade.



Santiago de Compostela,

21 DEC. 2017

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja